Quen somos?

O Colectivo OPAII (Ondas Para Activación Información Independente), é unha Asociación Cultural da comarca de Ferrol que pretende activar, dinamizar e comunicar as luitas sociais e culturais da comarca, servíndose para isto de diferentes instrumentos, como son a realización de actividades, exposicións, publicacións, proxeccións, o intercambio de información… pero cunha actividade principal que actúe de elemento de aglutinante, como é a radio libre e comunitaria da comarca, Radio Filispim. Este instrumento de comunicación, pretende ser útil as persoas, colectivos, redes sociais e culturais da comarca, sen espazo nos medios de comunicación convencionais, ou que están sendo silenciados polos mesmos. Dende o Colectivo OPAII, asumimos o compromiso de por os nosos medios a súa disposición. Radio Filispim (RFM), sendo unha actividade do Colectivo OPAII, asume como seus os principios do colectivo, que son os seguintes:

1º OPAII - RFM, organízase de forma asemblearia con todo o que isto implica, tentando crear unha actitude e posicionamento como colectivo e fuxindo da posibilidade de persoalismo ou egocentrismos, ficando específicadas claramente as opinións persoais discrepantes e as ausencias de posicionamento, para no derivar en falsos consensos.

2º OPAII - RFM, apoia un modelo económico no que o importante sexan as persoas e o su desenvolvemento persoal, fronte a un modelo que fomenta a competición e o indiviualismo, onde o importante son os beneficios económicos. Un modelo que non permita a existencia de relacións de sumisión ou dependencia que limiten a liberdade do proxecto. O modelo de xestión económica que adopta OPAII-RFM pretende fomentar a axuda mutua dirixida por uns principios éticos. Así, entendemos que a autoxestión, é o

modelo económico que posibilita que OPAII-RFM, responsabilice ás persoas participantes no proxecto da súa financiación, e procure a independencia e autonomía, tanto do Colectivo como do proxecto en si mesmo.

3º O colectivo OPAII-RFM, empregará sempre a lingua galega, xa que estamos nunha realidade (máis concretamente á ferrolá), que queremos transformar e nese camiño optamos por potenciar a lingua propia e loitamos contra a marxinación da mesma a nível comunicacional, social e cultural. OPAII-RFM debe ser un medio de normalización e espallamento da cultura galega, por todo isto este colectivo porá os medios necesarios para que exista unha normalización lingüística, tanto nas ondas como ao través de calquera outro tipo de medio. Pensamos que a cuestión da lingua non se soluciona obrigando a ninguén a súa fala. Entendemo-la coma un problema de convencimiento propio, polo que na radio e no colectivo convivirán persoas e programas feitos en galego, castelán e outras linguas. En OPAII-RFM, todas e cada unha das variantes gramaticais do universo lingüístico galego-portugués convivirán en igualdade de oportunidade, no seio do colectivo.

4º Canto a linguaxe, OPAII-RFM, a considera un elemento fundamental no noso medio. Enviamos mensaxes continuamente ao través da radio, tanto musicais como faladas, por iso tentaremos despoxar á lingua e á musica de expresións racistas, sexistas, homófobas… comprometéndonos a utilizar unha linguaxe non violenta nen discriminatoria. OPAII-RFM entende que mulleres e homes debemos ser tratados con dignidade, polo que se compromete co emprego dunha linguaxe non sexista nin discrimintaria. Por todo isto, tanto nas actividades, programas ou asembleas organizadas por OPAII-RFM, non se admitirán actitudes discriminatorias.

5º No que se refire a defensa do medio, OPAII.RFM, defende un desenvolvemento da humanidade respetuoso coa natureza, e implicarase de xeito activo na defensa do medio ambiente, actuando en distintos puntos: denunciando os atentados contra o medio ambiente, promovendo alternativas que posibiliten un aproveitamento racional e ético dos recursos, colaborando cos grupos ecoloxistas e outros colectivos sociais, na difusión das campañas de sensibilización. No día a día do colectivo, aplicarase a regra dos tres erres: reutilizar, reciclar e reducir.

6º OPAII-RFM pretende ser un colectivo de carácter local, e dicir, debe incidir no que ocorre no seu entorno máis inmediato. Isto non quere dicir que se peche ao que sucede noutros lugares da Galiza ou do planeta, necesario esto para unha comprensión da realidade global, por isto, fai seu o lema "pensa globalmente e actua localmente". Para conseguir este carácter local, OPAII-RFM, ofrécese aos diferentes colectivos e persoas da comarca, para que estes utilizen OPAII-RFM como medio de expresión. OPAII-RFM, respaldará as iniciativas que saian neste senso, e tentará no posíbel que a difusión das novas se leve a cabo polos propios protagonistas.

7º OPAII-RFM debe garantir a participación de persoas ou colectivos doutras culturas, e denunciará calquera actitude racista e a quen a promova. Colaborará con colectivos que favorezan a integración de inmigrantes e colectivos marxinados, ao través do coñecemento das súas culturas e realidades.

8º OPAII-RFM posiciónase fronte o militarismo e calquera forma de autoritarismo, por consideralos medios para oprimir aos povos e persoas. Rexeita os valores fascistas e a discriminación que estos promoven ao non respetar e negar o pensamento individual. Posiciónase fronte á violencia en todas as súas manifestacións, por ser unha forma de perpetuación das desigualdades. Defende xeitos de resolución dos conflictos en convivencia cos direitos e liberdades fundamentais dos individuos en comunidade.

9º OPAII-RFM non casa con partido político algún. As persoas que participan no colectivo o fan en nome propio, non como vozeiros de organizacións políticas, aínda que poidan militar nelas a título individual. Polo mesmo, OPAII-RFM non admitirá propostas de programas radiofónicos a título de vozeiros de partidos, organizacións ou siglas políticas concretas, que si poderán selo de ideas.

10º OPAII-RFM utilizará nos equipos e ordenadores das súas instalacións, software libre, ao consideralo coincidente coa súa filosofía de compartir o coñecemento de forma libre, e porque utilizar software privativo, implicaría unha contradición con o principio de liberdade e un apoio ao sistema capitalista, monopolizador e alineante que o mesmo representa. OPAII-RFM, comprométese dentro das súas posibilidades, ao fomento de artistas, grupos e programas informáticos que comparten as súas creacións e coñecementos baixo licenzas libres.